## Traballo de apoio

### Unidade 3

**1. Como se poden definir as *Etimoloxías* de San Isidoro?**

**2. Que autores destacan no período de esplendor carolinxio?**

**3. Cal é a obra teatral de Rosvita?**

**4. En que consistiu a *Era Compostelá*?**

**5. Que son os *Carmina Burana*?**

**6. Que personaxes do *Cantar de Roldán* podes citar?**

**7. Cal é a modalidade expresiva provenzal máis importante do amor cortés?**

**8. Que voz poética é a máis sobresaínte a mediados do século XV en Francia?**

**9. Indica as características do *dolce stil nuovo*.**

**10. Comenta brevemente os textos da selección desde un punto de vista temático.**

**Unidade 3. Respostas ao traballo de apoio**

**1.** As *Etimoloxías* de San Isidoro de Sevilla son un compendio enciclopédico do saber da súa época (séculos V-VI) en vinte libros: *trivium* (gramática, retórica, dialéctica) e *quadrivium* (aritmética, xeometría, música, astronomía), medicina, dereito, cronoloxía, relixión, linguas, anatomía, historia natural, cosmoloxía, agricultura, etc. Supón unha moi boa fonte de información.

**2.** Sobre todo Alcuino de York, peza importante con respecto á nova escritura carolinxia baseada nunha grafía máis bela e fácil de ler, Rabano Mauro, discípulo seu, ou Exinardo, autor de *Vita Karoli*, unha biografía do propio emperador. Estes autores formaban parte dun *círculo* de figuras sobresaíntes que elevaron a cultura a un nivel elevado.

**3.** Da obra dramática de Rosvita destacan seis diálogos en latín baseados en boa medida nas comedias do autor latino Terencio: *Gallicanus, Dulcitius, Calimachus, Abraham, Pafnutius, Sapientia.* As protagonistas centrais son mulleres. Son pezas concibidas máis para a lectura dramatizada ca para a representación.

**4.** A *Era Compostelá* coincide coa época do arcebispo Xelmírez en Santiago de Compostela, un dos máis importantes centros políticos, relixiosos e culturais da Idade Media. A expresión refírese ao esplendor cultural que vivía Santiago, que reflectía sen dúbida o vigor do reino de Galicia, como consecuencia da personalidade de Xelmírez e da importancia do camiño xacobeo, e en última instancia do desenvolvemento económico e urbano do momento. A nivel literario, houbo un contexto moi importante en produción de obras de alto nivel, das que sobresaen como grandes referencias da literatura latina medieval europea o *Códice Calixtino* e a *Historia Compostelá.*

**5.** *Carmina Burana* son diversas poesías medievais, case todas en latín, mais tamén noutras linguas como o alemán, procedentes da abadía beneditina de Beuren. Teñen unha grande cantidade de sátira e carácter burlesco, como era propio da literatura goliardesca. Abundan os temas da natureza, muller, taberna, parodia do mundo da Igrexa, etc.

**6.** Destacan: o heroe Roldán, o rei Carlomagno, o amigo de Roldán Oliveiros, a amada de Roldán Alda, o bispo Torpín ou o traidor Galalón.

**7.** Foi a *cançó*. A través dela os trobadores idealizan a muller, converténdoa en *señor feudal*, polo que se dá un claro paralelismo entre sociedade e literatura. Isto vese tamén no uso de determinado léxico, por exemplo, *servir* como sinónimo de *amar*.

**8.** Foi François Villon, autor de dous longos poemas satíricos: *Legado* e *Testamento.*

**9.** O *dolce stil nuovo* foi unha escola ou movemento poético nacido a finais do século XIII en Bolonia e Florencia, que vén a superar a concepción do amor cortés. Hai un maior afondamento psicolóxico, e unha alta idealización da figura da muller. Esta sublimación responde a unha atmosfera de sinceridade creada polo poeta. A composición vese máis intelectualizada, cunha gran pulcritude expresiva e unha linguaxe pura.

**10.** O texto (1) corresponde ao derradeiros esforzos que fai Roldán na súa vida. Foi ferido de morte por un sarraceno e agora invoca a Santa María, mais tamén

á súa inseparable espada Durendarte, aquí personificada e enxalzada como se fose unha réplica da súa propia vida.

O texto (2) é unha coñecidísima cantiga de amigo de Martín Códax. Estrutural e formalmente é perfecta. A muller diríxese ao mar de Vigo, que se presenta humanizado e confidente seu. O mar reflicte a ausencia do namorado pero tamén é un elemento de comunicación con el. A través das ondas a muller exterioriza o seu desexo de amor. As augas personificadas e invocadas son como un símbolo do estado anímico da namorada.

O texto (3), pertencente ao gran poema da *Divina Comedia* de Dante, corresponde á impoñente aparición de Beatriz, cara ao final do Purgatorio, e ao enorme impacto que lle produce a Dante, no que o sentimento amoroso volve facerse presente.

O texto (4) corresponde ao *Cancioneiro* de Petrarca. Neste soneto a intensidade do amor que amosa Petrarca por Laura manifesta unha adoración semellante ao sentimento relixioso, polo que o poeta bendice e glorifica a súa amada, á que sitúa nun estadio superior: considera que Laura é unha *donna angelicata (muller anxelical).* Os seus atributos tórnanse sobrenaturais. Este ton sublimador e enteiramente sincero converte a materia erótica case en teoloxía.

O texto (5) é o pequeno conto do avaro enganado, que se sitúa na Oitava xornada do *Decamerón*, protagonizada por Lauretta. O motivo fundamental son as burlas que merece o necio Calandrino, un mozo que herdara gran cantidade de diñeiro co que ideaba mercar unha granxa malia que a súa avaricia fai que nunca comparta nada cos seus amigos, quen organizan un bo escarmento. Bruno, Buffalmacco e Nello argallan o xeito de sacarlle algo de diñeiro enxeñando unha broma: poñéndose de acordo co médico Simón, inventan a historia de que Calandrino ten mal aspecto porque se atopa preñado; Simón di que para evitar o embarazo ten que tomar un preparado e, cos cartos que Calandrino ten que dar para a beberaxe, aqueles danse un bo banquete.